
DE GALICIA, ESPAÑA E MÁIS ALÁ

Historia da educación en Galicia. Nota de actualidade (2011-2012)

Despois do silencio que esta sucinta Sección tivo no número 15 correspondente a 2011 -dado o carácter extraordinario do número dedicado á figura do profesor, compañeiro, amigo e anterior director de Sarmiento-, o Anuario Galego de Historia da Educación, retorna, para dar conta de diversas iniciativas e publicacións que tiveron curso neste bienio; unha escolla sustantiva, da que moi puntualmente demos conta recentemente tamén no Boletín nº 45 da “Sociedad Española de Historia de la Educación”, e a onde se poderá acudir para ver os pormenores do que aquí quedará anotado máis xenericamente (<http://www.sc.ehu.es/sfwsedhe/boletin46.pdf>, pp. 39-53).

Se falamos, en primeiro lugar, de libros editados, debemos facer mención das quince unidades documentais editadas coas temáticas predominantes de “muller e educación” (Benso Calvo & Cid Galante, en relación coa educación secundaria en Ourense, Rosa Millán, no contexto de Ferrol, Vázquez Ramil, para examinar a “Residencia de Señoritas” de Madrid), “emigrantes e educación” (Malheiro Gutiérrez, en relación coa emigración pontevedresa e como editor das Actas do Congreso de Gondomar e Peña Saavedra, co extraordinario Luces de Galicia –catálogo visual e exposición-), “Segunda República, educación e franquismo” (Cid Fernández, reedición revisada e ampliada dun texto previo sobre Segunda República e ensino en Ourense, e Costa Rico, como editor dun Caderno infantil freinetiano). Ás anteriores referencias hai que engadir a intervención nun texto de actas

hispano-portugués (Louro Felgueiras & Costa Rico), unha Antoloxía de textos de Giner de los Ríos (Eugenio Otero), o estudo da Biblioteca do Antigo Réxime do Colexio de Fonseca (Concha Orol), o estudio biográfico do mestre betanceiro Vales Villamarín (Vales Via), un estudo local referido a Moaña (Manuel Méndez) e un estudo sobre a docencia das matemáticas na Universidade de Santiago.

Temáticas similares ocuparon o espazo dunha dúzina de capítulos de libros e de dezaseis artigos publicados en distintas revistas académicas: muller e educación, emigrantes galegos e escolarización, pedagogía Freinet en Galicia, movemento estudantil e franquismo, alfabetización (Narciso de Gabriel) e historia da educación física, con algunhas referencias relacionadas con estudos sobre varias institucións formativas, e sobre a ILE e os seus ecos galegos (Porto Ucha, Eugenio Otero). Ao caso, é de notar a publicación do número 53 da Revista Galega de Educación, co seu monográfico adicado aos emigrantes galegos a América e o seu protagonismo educativo en Galicia (Costa Rico & Malheiro Gutiérrez), como tamén o Monográfico do número 15 de Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación dedicado, como anteriormente indicamos, á figura do profesor Herminio Barreiro (Narciso de Gabriel & Luís Iglesias). Noutra orde de consideracións, entre esta publicística hai tamén un lugar para a epistemoloxía histórica e a historiografía, con dous traballos de Costa Rico e un de Vicente Peña. No campo da publicística impresa cómpre referirse tamén á edición do nº 50 da Revista Galega de Educación, que fixo unha revisión da súa propia historia desde 1986, incorporando estudos e referencias sobre ás diversas seccións e traballos alí publica-

dos ao longo de 25 anos: un percorrido por unha parte notable da máis recente historia da educación en Galicia.

No campo audiovisual podemos facer a anotación da elaboración de varios DVDs: un en relación coa Constitución de Cádiz (1812) e a educación e dous sobre os emigrantes galegos e a educación (Santaballa, Lembranzas da infancia, recordos da escola, e Cabreiros, tamén na provincia de Lugo). Se falamos de exposicións é mes-ter referirse á que se dispuxo en 2012 no MUPEGA sobre a preparación e edicións en Europa de Carteis e Láminas didácticas durante a segunda metade do século XIX e primeiras décadas do século XX, á que organizou a Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística sobre 20 anos de actividades, e tamén á que organizou a Consello da Cultura Galega, Luces de Alén Mar, á que xa arriba nos referimos. Tamén Vicente Peña foi comisario da exposición “Os centros educativos dos cubanos”. Entre tanto, Eugenio Otero veu exercendo a asesoría do Museo virtual das Misións Pedagóxicas en España.

Neste tempo, as referencias históricas á educación estiveron igualmente presentes de distintos modos. Así Eugenio Otero dirixiu no verán de 2011 o XI Curso de Verán de Historia de Educación en Foz (último dos celebrados, polo momento, rompéndose unha liá de continuidade por falla de apoio económico); por estas mesmas razóns, no 2012 pechou logo de máis de 30 anos de actividade o Programa Preescolar na Casa, que abriu unha moi interesante innovación pedagóxica en Galicia; desaparecieron de onda nós, en 2012, a figura histórica da renovación educativa en Galicia, Avelino Pousa Antelo, impulsor didacta das escolas agrícolas da provincia de Lugo

nos pasados anos cincuenta-sesenta, e, en 2011, o Padre Silva, creador e impulsor dunha “república escolar”: a “Cidade dos Rapaces” (“Ciudad y Circo de los Muchachos”), que foi unha das experiencias pedagóxicas máis singulares realizadas en Galicia; recibiron senllos homenaxes a profesora Antía Cal Vazquez, do colexio Rosalía de Castro de Vigo, e o profesor Xesús Alonso Montero, quen coa ocasión nos brindou o texto *O Ribeiro na miña vida*, como pedagogía e como compromiso (2012).

Antón Costa Rico

Universidade de Santiago de Compostela

O ESPAZO HISTÓRICO-EDUCATIVO LUSO-BRASILEIRO

Subsección para Brasil

Na primeira nota sobre a produción brasileira em História da Educação, organizei o texto em três partes de modo a dar uma rápida notícia sobre os Congressos, temas em debate e principais publicações da área no Brasil. Tinha por objetivo fomentar o intercâmbio entre os países do espaço lusobrasileiro, permitindo o encontro de pessoas e a circulação de problemáticas, bem como efetuar um convite à leitura de escritas recentes. É com este mesmo intuito que retomo o formato, sendo agora ainda mais breve, posto que me pediram para não exceder três páginas.

Os Congressos Nacionais e Internacionais.

Ano que vem a cidade de Cuiabá (MT) estará recebendo o VII Congresso Brasileiro de História da Educação, nos dias 20 a 23 de maio de 2013, na Universidade Fe-